



DATOS IDENTIFICATIVOS

Recursos tecnolóxicos en educación social

Materia	Recursos tecnolóxicos en educación social			
Código	O05G130V01105			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Ricoy Lorenzo, María Carmen Sánchez Martínez, María Cristina			
Profesorado	Ricoy Lorenzo, María Carmen Sánchez Martínez, María Cristina			
Correo-e	cricoy@uvigo.es c.sanchez@uvigo.es			
Web	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/			

Descrición xeral A formación do/a educador/a social está orientada á educación non formal e informal en contextos diversos. De modo orientativo, os campos de traballo focalízanse nas áreas socioeducativa, sociocultural, orientación social, orientación sociolaboral, discapacidades, persoas adultas, maiores, interculturalidade, protección e promoción da muller, familia, menores, etc. A educación social ten por obxecto o desenvolvemento psicossocioeducativo da cidadanía co fin de acadar, completar e ampliar a súa educación formal, necesidades e expectativas que presentan potenciando o desenvolvemento holístico ao longo da vida.

Á práctica educativa do/a educador/a social correspóndelle organizar, analizar, diagnosticar, deseñar, elaborar, planificar, desenvolver, asesorar e avaliar proxectos educativos. Ademais, debe colaborar con outros axentes socioeducativos, culturais e laborais, cos responsables de institucións e responsables da política na orientación de dinámicas que proporcionen oportunidades de desenvolvemento á cidadanía, así como embarcarse en accións de mediación e resolución de conflitos.

A materia de «Recursos Tecnolóxicos en Educación Social» do Grao en E. Social insírese na área de coñecemento de Didáctica e Organización Escolar e abrangue contidos de carácter teórico e sobretudo práctico. A contribución teórico-práctica desta materia posibilita a adquisición de competencias de diversa índole para acadar unha adecuada formación disciplinaria e profesional.

Esta materia adecúase ao perfil disciplinario e profesional da titulación de Educación Social porque a integración curricular e contextualizada das tecnoloxías da información e comunicación ofrece un potencial enriquecedor imprescindible na formación do seu alumnado. As competencias de formación disciplinaria e profesional do estudiantado están dirixidas capacidades que posibiliten o uso e aplicación das tecnoloxías da información e comunicación a nivel didáctico, organizativo, comunicativo, como materia obxecto de estudo en si mesmo, de administración da xestión, de lecer como recurso de ocio, etc.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitán demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.

A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
C2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
C4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
C5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
C9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
C12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
C14	Deseñar, aplicar e avaliar programas de educación permanente e de persoas adultas e anciás
C19	Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades
D5	Xestión da información
D11	Habilidades interpersoais
D16	Liderado
D18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida
D19	Compromiso coa identidade, desenvolvemento e ética profesional

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Identificar as características e función dos recursos didácticos e dixitais.	A2	B1	C1	D5
Familiarizarse coa lexislación dos marcos reguladores da tecnoloxía dixital.	A3	B1	C1	D5
Descubrir o papel dos medios de comunicación da rede no proceso de ensino-aprendizaxe.	A4	B2	C5	D11
Adquirir bases teóricas para o emprego de habilidades e destrezas que posibiliten o manexo dos medios tecnolóxicos/dixitais de formación disciplinar e profesional.	A5	B1	C1	D5
Abordar a produción de materiais tecnolóxicos/dixitais ou adaptalos desde alternativas creativas e innovadoras.	A3	B5	C12 C14	D19
Traballar cos medios tecnolóxicos e dixitais na súa dimensión comunicativa, didáctica, lúdica, de organización e xestión.	A1	B2 B4	C9	D18
Dispor de ética profesional para o uso dos medios dixitais e no desenvolvemento de prácticas de carácter didáctico, organizativo, lúdico, de administración e xestión no campo da E. Social.	A4 A5	B4 B5 B6	C12	D16 D19
Dispoñer dunha actitude positiva e contar con ética profesional para a integración apropiada dos medios tecnolóxicos/dixitais no contexto socioeducativo da profesión na faceta: académica, de xestión, dirección e coordinación.	A3	B3	C2 C4 C19	D11 D16 D19

Contidos

Tema	SÍNTESE DOS EPIGRAFES
CONTIDOS TEÓRICOS VINCULADOS COS PRÁCTICOS	
1. Bases conceptuais do ámbito disciplinar.	1.1. Aproximación conceptual aos termos e recursos didácticos, novas tecnoloxías, TIC, etc. 1.2. Funcións e clasificación dos recursos didácticos e das TIC.
2. Los medios tecnolóxicos e dixitais e o seu potencial socioeducativo: As TIC e o seu potencial contextual.	2.1. Integración das TIC nos ámbitos de traballo do educador/a social. 2.2. Posibilidades organizativas, administrativas, etc. 2.3. Potencial didáctico das TIC.
3. Os sistemas multimedia e a súa aplicación na educación non formal.	3.1. Concepto e características dun contorno multimedia. 3.2. Posibilidades didácticas do multimedia.
4. As redes telemáticas na educación.	4.1. Os medios de comunicación da rede: o seu uso como recursos de ensino-aprendizaxe. 4.2. Internet e os servizos que ofrece de uso para o campo da E. social.
5. Alfabetización audiovisual.	5.1. A imaxe e o son: os seus compoñentes. 5.2. Lectura de imaxes. 5.3. O vídeo como instrumento de traballo.
6. O paso dos medios tradicionais ó novos medios e o seu potencial educativo.	6.1. Nos medios de imaxe fixa. 6.2. Nos medios de comunicación social.

CONTIDOS PRÁCTICOS VINCULADOS COS TEÓRICOS	BREVE DESCRICIÓN
1. Emprego de programas do paquete de Microsoft Office e/ou de software libre.	- En aplicacións organizativo-administrativas. - Para aplicacións didácticas, presentacións e/ou de tipo lúdico.
2. Internet como recurso socioeducativo.	- Emprego dos medios de comunicación da rede. - Uso dos principais servizos de internet aplicados ao campo da E. Social. - Traballo con páxinas web.
3. Producións informáticas/dixitais susceptibles de uso socioeducativo.	- A partir de programas de tratamento de textos, de documentais e de recursos da web elaboración e desenvolvemento de creacións en soporte dixital de materiais ou recursos socioeducativos. - Elaboración de produtos multimedia aplicados o campo da E. Social.
4. Imaxe fixa e en movemento.	- Análise de documentos dixitais con imaxe fixa e en movemento. - Selección, adaptación, creación e aplicación da imaxe ás presentacións e proxeccións formativo-comunicativas e/ou lúdicas.
5. Avaliación de software susceptible de uso socioeducativo.	- Selección, descrición, análise e valoración do contido dalgún recurso dixital. - Identificación, análise e proposta para a implementación dalgún videoxogo susceptible de uso socioeducativo.
6. Observación de experiencias innovadoras sobre o emprego de novos medios no campo profesional.	- Observación directa dalgunha experiencia innovadora con tecnoloxía punta, se é posible en contexto natural ou vía internet (apoiándose na etnografía virtual) para realizar unha análise e valoración da mesma.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	4	8	12
Lección maxistral	12.5	19	31.5
Traballo tutelado	0	4	4
Aprendizaxe colaborativa	4	8	12
Foros de discusión	0	1	1
Prácticas de laboratorio	16	18	34
Prácticas de campo	3	5	8
Gamificación	8	9.5	17.5
Cartafol/dossier	3	5	8
Traballo	1	15	16
Exame de preguntas obxectivas	1	5	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Presentación	Intervención do alumnado feita a partir da realización dos exercicios resoltos ou de situacións problemáticas asociadas co contido da sesión maxistral, baseada na exposición verbal e apoiada no emprego de recursos didácticos a través da que tamén se interactuará e debaterá co grupo aula dun modo ordeado: propoñendo cuestións, facendo aclaracións ou desenvolvendo actividades de forma dinámica.
Lección maxistral	Exposición oral pola profesora apoiada en recursos didácticos, medios audiovisuais e TIC, coa incorporación da estratexia da interrogación didáctica dirixida aos estudantes, a posta en marcha de actividades e a exposición de traballos coa finalidade de facilitar a aprendizaxe e o desenvolvemento competencial.
Traballo tutelado	Unha vez concretado o núcleo do traballo en grupo, o alumnado discutirá e formulará as súas dúbidas a-o docente para desenvolvelo profundizando nalgún aspecto da materia e finalmente presentarao ó grupo aula.
Aprendizaxe colaborativa	Para o traballo a realizar partírase da organización da clase en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballe de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa aprendizaxe.
Foros de discusión	Actividades desenvolvidas na contorna virtual para debater temas de actualidade relacionados dentro do marco da materia co ámbito académico e/ou profesional.
Prácticas de laboratorio	Esta metodoloxía posibilitalle ao alumnado a aprendizaxe a través da realización de actividades de carácter práctico no laboratorio, indagando no funcionamento técnico dos aparatos dixitais e o desenvolvemento de habilidades e capacidades informáticas/dixitais e de tipo didáctico para abordar o deseño, desenvolvemento de proxectos, análise de experiencias socioeducativas, busca, tratamento e valoración da información, etc. Este sentido práctico vai combinado e alternando nas diversas prácticas o emprego de estratexias de gamificación, colaborativas, entre outras.
Prácticas de campo	Actividades para aproximarse e indagar sobre a realidade, posibilitando ao estudantado o contacto e a reflexión sobre experiencias prácticas da contorna social e humana, máis aló do marco teórico.

Gamificación	Actividades con aplicación de mecánicas propias dos xogos para a utilización no proceso de aprendizaxe e interacción nun entorno lúdico que propicia a motivación, implicación e diversión.
Cartafol/dossier	Recompilación do traballo do/a estudante coa finalidade de amosar os seus esforzos, progresos e a súa produción. O alumnado deseñará técnica e didacticamente, desde a parte práctica, baixo o asesoramento do profesorado, un eportfolio para recoller e presentar a totalidade do traballo desenvolto nas prácticas de laboratorio, aportando as evidencias e os produtos obtidos ao longo do curso. O estudantado desenvolverá en formato dixital un informe/diario de prácticas, baixo as indicacións da-o docente que serán detalladas oportunamente. O seu desenvolvemento farase ao longo do cuadrimestre e será revisado regularmente. O desenvolvemento e a entrega será feita en formato dixital, e se fose necesario tamen impreso, e cerrarse a última semana do cuadrimestre.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Atenderase de forma personalizada e en grupo medio ao alumnado dentro da aula principalmente e, excepcionalmente, a través doutros medios, axudándolle a superar as dificultades que se lle presenten no desenvolvemento do traballo, así como orientando oportunamente.
Traballo tutelado	O profesorado prestaralle atención individual e grupal ao alumnado para a realización dos traballos que requiren asesoramento directo, realizando o seu seguimento.
Aprendizaxe colaborativa	Propiciarase unha organización do traballo na aula e fóra da aula en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballe de forma coordinada para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe. Para elo, motivarase ou apoiarase ao alumnado para combinar e alternar nas diversas prácticas o emprego de estratexias colaborativas, entre outras.
Foros de discusión	Actividades desenvolvidas no foro será promovidas principalmente pola docente na contorna virtual para debater temas de actualidade relacionados dentro do marco da materia co ámbito académico e/ou profesional.
Gamificación	Atenderase de forma personalizada e en grupo medio ao alumnado dentro da aula principalmente e, excepcionalmente, a través doutros medios, axudándolle a superar as dificultades que se lle presenten no desenvolvemento do traballo, así como orientando oportunamente.
Cartafol/dossier	Atenderase de forma personalizada ao estudantado dentro da aula principalmente e, excepcionalmente, a través doutros medios, axudándolle a superar as dificultades que se lle presenten no desenvolvemento do traballo, así como orientando oportunamente.
Prácticas de campo	Atenderase de forma personalizada e en grupo medio ao estudantado dentro da aula principalmente e, excepcionalmente, a través doutros medios, axudándolle a superar as dificultades que se lle presenten no desenvolvemento do traballo, así como orientando oportunamente.
Probas	Descrición
Traballo	Atenderanse en pequenos grupos dentro da aula e a través doutros medios dixitais axudándolle ao seu desenvolvemento, así coma fora da aula orientando oportunamente.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	(PT) Exposición por parte do alumnado, en pequenos grupos, dun traballo sobre un tema da materia concretado ao inicio coa profesora. O seu desenvolvemento estará dirixido, fundamentalmente, a ampliar os contidos de tipo teórico da materia enlazándoos oportunamente cos prácticos. Na súa realización e presentación participará o grupo de traballo e para a súa exposición apoiaranse en medios tecnolóxicos ou dixitais con estratexias de tipo activo. Para a súa cualificación terase en conta a pertinencia da estrutura do traballo, calidade do contido exposto, así como o interese provocado no debate tanto por cada membro do grupo como no seu conxunto, e as posibles respostas as cuestións planteadas a raíz da exposición. Ata 1 puntos.	10	A2 B4 C2 D11 A3 C19 D16 D18 D19
Aprendizaxe colaborativa	(PT) O alumnado desenvolverá en grupo diferentes exercicios, prácticas, problemáticas ou estudos de caso para aprofundar ou ampliar os contidos teóricos da materia. A entrega é requisito facela en formato dixital e dentro do prazo que se sinale no seu momento. Para a cualificación terase en conta a fundamentación na que se apoia o desenvolvemento, a capacidade crítica, emprego de estratexias colaborativas e a proxección práctica amosada desde o oportuno razoamento. Ata 0,5 puntos.	5	A3 B2 C5 D5 A4 B3 C9 D11 B4 C12 D18 C14

Prácticas de laboratorio	(PP) O alumnado desenvolverá nas prácticas de laboratorio ante a presenza da-o docente na aula, implicándose oportunamente na marcha da clase. Este seguimento farase con técnicas baseadas na observación directa, focalizándoa no proceso de elaboración das prácticas dentro da aula. Nesta observación realizada de xeito sistemático, terase en conta o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe e a adquisición de competencias polo alumnado atendendo ao seu progreso, calidade técnico-didáctica das prácticas realizadas, seguimento das pautas sinaladas polo profesorado combinadas oportunamente coa iniciativa propia, creatividade e responsabilidade asumida, coa adecuación dos resultados acadados. É requisito facer a entrega en formato dixital e dentro do prazo sinalado no seu momento pola profesora (ata 3,5 ptos).	35	A1 B2 C1 D5 A2 B5 C5 D11 A3 B6 C9 D16 A4 C12 D18 A5 C14 D19
Prácticas de campo	(PP) O seu seguimento farase con técnicas baseadas na observación directa, focalizándoa no proceso de elaboración dentro da aula. Esta observación realizada de xeito sistemático, tendo en conta o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe e a adquisición de competencias polo alumnado atendendo ao seu progreso, calidade técnico-didáctica das prácticas realizadas, seguimento das pautas sinaladas polo profesorado combinadas oportunamente coa iniciativa propia, creatividade e responsabilidade asumida, coa adecuación dos resultados acadados. É requisito facer a entrega en formato dixital e dentro do prazo sinalado no seu momento pola profesora (ata 1 pto).	10	A2 B2 C1 D5 A3 C5 D11 A4 C12 D18 D19
Gamificación	(PP) O seu seguimento farase con técnicas baseadas na observación directa, focalizándoa no proceso de elaboración dentro da aula. Esta observación realizada de xeito sistemático, tendo en conta o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe e a adquisición de competencias polo alumnado atendendo ao seu progreso, calidade técnico-didáctica das prácticas realizadas, seguimento das pautas sinaladas polo profesorado combinadas oportunamente coa iniciativa propia, creatividade e responsabilidade asumida, coa adecuación dos resultados acadados. É requisito facer a entrega en formato dixital e dentro do prazo sinalado no seu momento pola profesora (ata 1,5 pto).	15	A2 B2 C1 D5 A4 B4 C5 D11 A5 C12 D18 D19
Cartafol/dossier	(PP) Para a súa cualificación terase en conta a coherencia e claridade da estrutura, así coma a calidade técnico-didáctica amosada e capacidade de compromiso. Ata 0,25 puntos (asociados coa parte práctica da materia). O alumnado desenvolverá en formato dixital un informe/diario de prácticas, baixo as indicacións da-o docente que serán detalladas oportunamente. O seu desenvolvemento farase ao longo do cuadrimestre e será revisado regularmente. O desenvolvemento e a entrega será feita en formato dixital, e se fose necesario tamen impreso, na última semana do cuadrimestre pecharase. Na súa cualificación considérase o grao de correspondencia coas pautas facilitadas para a elaboración, coherencia e adecuación da estrutura, calidade do contido e extensión, así coma o reflexo da actitude e ética manifestada. Ata 0,75 puntos (asociados coa parte práctica da materia).	10	A2 B4 C4 D5 A3 D19 A4 A5
Exame de preguntas obxectivas	(PT) O alumnado realizará unha proba para avaliar as competencias adquiridas, que incluirán preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...) a que repostará o estudatado. Ata 1,5 puntos.	15	B6 C5 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Para superar a materia todo o alumnado terá que aprobar independentemente a parte TEÓRICA (cun mínimo de 1,5 puntos) e a PRÁCTICA DE LABORATORIO (cun mínimo de 3,5 puntos). No reparto corresponden ata 7 puntos ás prácticas de laboratorio e ata 3 á parte teórica da materia. O estudantado que desenvolva e entregue en prazo as actividades/exercicios/traballos/etc. da parte teórica e da práctica, ou nalgunha delas, contarán cunha avaliación diversificada e continua de carácter formativo en ambas ou na parte que elixa. No caso de superar só unha parte da materia (teórica ou práctica) conservarase a súa cualificación dentro do mesmo curso académico, aínda que en 1ª oportunidade na Acta académica figurará a calificación resultante da súa media aritmética.

- O estudantado que non cumpran coas esixencias e calidade requiridas para superar os extremos xa descritos para a avaliación continua poderá obter ata un máximo de 3 puntos no exame teórico e deberán acadar un mínimo de 1,5 puntos para computarllos co exame que teña que facer sobre as prácticas de laboratorio, no que tamén deberán dispor dun mínimo de 3,5 puntos sobre 7 para realizar a referida suma. De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria seguinte.

- As datas de realización do exame final-oficial, que desenvolverá obrigatoriamente o alumnado que non superase a materia

por avaliación continua, e a súa revisión serán as que figuran no calendario de exames da Facultade, a consultar na Web da Facultade (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/>) no espazo de datas de exames. A hora da revisión comunicaráse ó alumnado no momento de sacar o listado de calificacións. O lugar de publicación das cualificacións será na Plataforma utilizada na materia e/ou no taboleiro de anuncios do despacho da-o docente responsable ou en calquera outro espazo dixital comunicado con antelación.

- As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

- As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo Exames:
<http://fcce.uvigo.es/es/docencia/examenes/>

OUTRAS OBSERVACIÓNS:

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se levarán a cabo co alumnado da materia, concibíndose con certa flexibilidade; en consecuencia, pode requirir algunha rectificación promovida polo grupo de destinatarios real ou pola relevancia de situacións sobrevidas. Así mesmo, aportaráselle ao alumnado a información complementaria ou pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Mominó, J. & Sigalés, C. (Coords.), **El impacto de las TIC en la educación. Más allá de las promesas.**, UOC Ediciones., 2017

Morrón-Marchena, J. A. & Torres-Barzabal, : (Coords.), **Investigación e innovación en educación social**, Octaedro, 2021

Profanter. A. & Sevillano, M. L. (Eds.), **Theory and best practice models in educational institutions in Spain and Italy**, Cambridge scholars publishing, 2017

Vázquez, E. & Sevillano, M. L. (Coords.), **Dispositivos digitales móviles en educación: El aprendizaje ubicuo**, Narcea, 2015

Williamson, B., **Big data en educación. El futuro digital del aprendizaje, la política y la práctica.**, Morata, 2018

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Educación: Didáctica: Deseño e programación no ámbito socioeducativo/O05G130V01202

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

É recomendable estar familiarizado ou familiarizarse coa utilización e manexo mínimo das Tecnoloxías da Información e Comunicación, cos recursos tecnolóxicos e dixitais da Universidade/campus en xeral, da biblioteca, cos persoais e do contorno.

Orientacións para acadar, se fose o caso, as referidas recomendacións: participar no curso de formación ofrecido polo servizo da biblioteca da Universidade, desenvolver sesións indagativas coas novas tecnoloxías a nivel persoal (a través de ensaio e erro), coa axuda de compañeiros/as do mesmo curso e titulación ou doutros cursos e carreiras afíns, de persoas próximas ou da-o docente.